

BANDO

Somos terra de Nadal. Nos vindeiros días daremos boa conta de xantares, bebidas e lambonadas, pois sempre fomos xente de bo comer e de boa compañía.

Se aproveitamos para consumir produtos locais, estaremos a animar á economía máis próxima e axudando á viabilidade das nosas explotacións agroalimentarias. Estaremos xerando riqueza de país.

Se ademais mercamos produtos etiquetados en galego, estamos a ser solidarios con aquelas persoas que foron quen de xuntar calidade con autoestima, na defensa e promoción dese patrimonio que herdamos: a nosa lingua, a nosa fala.

Ademais lembra que no comercio local e comarcal contas con variedade de produtos de calidade para satisfacer os teus gustos e para poder mercar agasallos, contribuindo así nunha mellor garantía dos postos de traballo no noso territorio.

Neste Nadal, goza da festa e participa. Desde a Alcaldía, sumámonos á petición da Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegueiros. Anímate a consumir produtos galegos etiquetados en galego.

SE PODES ESCOLLER, ESCOLLE!!

Desde o Concello da Pobra de Trives convidámosvos a participar e gozar das actividades do Nadal Trivés

Felices Festas e Próspero Aninovo!



O Alcalde,
Domingo Diéguez

